Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO: NOMEAMENTO DO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE OFICIAL DE 2ª E DOUS POSTOS DE PEÓNS DO CONCELLO DE PADRÓN.

Faise público que por Resolución do Alcalde número 632/2014, do 30 de setembro, adoptouse o seguinte acordo:

<<**Segundo.** Nomear persoal laboral temporal do Concello de Padrón a don **Camilo Rodríguez Dopazo** ao ter obtido a segunda maior puntuación no concurso de méritos convocado para a provisión con carácter temporal dun posto de traballo de oficial de 2ª do Concello de Padrón e ter renunciado a persoa que obtivo a primeira mellor puntuación.

Terceiro. Establecer, na orde na que se relacionan, a seguinte lista de reserva para os supostos de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos nos que todos ou algún dos aspirantes aprobados non cheguen a tomar posesión, tal e como prevé a base 11.3, e a bolsa de emprego prevista na base 12:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
1	LOUREIRO OTERO JOSÉ	4,00
2	RODRÍGUEZ DOPAZO CAMILO	4,00
3	LOUREIRO RODRÍGUEZ JOSÉ MANUEL	4,00
4	DOMÍNGUEZ TIZÓN FRANCISCO JAVIER	3,70
5	GONZÁLEZ FARIÑA CARLOS	3,00
6	LÓPEZ LAGO MANUEL	2,95
7	CASTRO VILLAR JOSE	1,10
8	GARCÍA LAREU JOSÉ	0,95
9	DOMÍNGUEZ MOURE JOSÉ MANUEL	0,50
10	QUINTÁNS ZAS JESÚS	0,00

Cuarto. Nomear persoal laboral temporal do Concello de Padrón a don **Joaquín Pérez Bandín** e a don **José García Lareu** ao ter obtido as dúas mellores puntuacións no concurso de méritos convocado para a provisión con carácter temporal de dous postos de peóns do Concello de Padrón.

Quinto. Establecer , na orde na que se relacionan, a seguinte lista de reserva para os supostos de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos nos que todos ou algún dos aspirantes aprobados non cheguen a tomar posesión, tal e como prevé a base 11.3, e a bolsa de emprego prevista na base 12:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
1	PÉREZ BANDÍN JOAQUÍN	4,00
2	GARCÍA LAREU JOSÉ	3,00
3	BOGA ESTÉVEZ M. NIEVES	3,00
4	GARCÍA GÓMEZ JESÚS	2,80
5	MARIÑO BOGA JOSÉ MANUEL	2,75
6	VILLAVERDE GRELA MANUEL	2,55
7	VIDAL REGUEIRO JESÚS	2,50
8	FRANCO LAFUENTE JORGE	2,10
9	INAREJO ROMERO MARIA YOHANA	1,75

10	SÁNCHEZ FERNÁNDEZ JOSÉ MARÍA	1,70
11	REY RODRÍGUEZ MILAGROS	1,30
12	BLANCO GONZÁLVEZ JOSÉ RAMÓN	1,20
13	CASTRO RODRÍGUEZ ALEJANDRO	1,10
14	CHORÉN DELGADO MANUEL	1,00
15	BLANCO MIGUÉNS JOSÉ MANUEL	1,00
16	SECO CRISTOBO JOSÉ ÁNGEL	1,00
17	JIMÉNEZ JIMÉNEZ ROBERTO CARLOS	1,00
18	DURO BOGA MANUEL	0,60
19	RIAL BLANCO JOSÉ ANTONIO	0,40
20	FABEIO VILAS VANESA	0,00

Sexto. Formalizar coas persoa seleccionadas o correspondente contrato laboral de 25 horas á semana, en xornada de mañá, de luns a venres, previa presentación por parte das mesmas da seguinte documentación no prazo máximo de 2 días hábiles contados desde a publicación da presente resolución na páxina web e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. As ou os familiares dos anteriores, visado e, de selo caso, documentación acreditativa do vínculo do parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a ou ao aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non estar afectada/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo I.

   No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

c) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. Esta certificación non poderá ter unha antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias.

d) Tarxeta da Seguridade Social no suposto de ter sido dado de alta con anterioridade.

Sétimo. Facer público o presente nomeamento mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Padrón e na páxina web do mesmo.

Oitavo. A presente resolución pon fin a vía administrativa e contra a mesma poderase interpor, potestivamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de

Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Noveno. Dar traslado da mesma aos servizos de Intervención-Tesourería e ao Comité de Empresa do Concello de Padrón e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.>>

Padrón, 30 de setembro do 2014

O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira